

Vanessa e o anuncio da televisión

-Es ti, Vanesa? Xa chegaches? Pois colle a merenda que tes na cociña e ven axiña, que imos ver os vídeos outra vez.

“Os vídeos outra vez! Aínda hei tolear con tanto anuncio!”, pensou Vanesa.

Súa nai xa prendera o televisor e acababa de introducir un CD no reprodutor. A cara de Mercedes apareceu na pantalla, invadíndoo todo. Encadrada en primeiro plano, a nena ía chupando os dedos con expresión de pracer, ao tempo que dicía: “Sabes por que chupo os dedos? Porque comín CACACHUP!”. Logo a cámara pasaba a encadrar a nena nun plano enteiro, o que permitía ver a Mercedes sentada no chan, rodeada das chokolatinas CACACHUP, mentres soaba a xa popular canciónciña:

*CACACHUP vaiche gustar,
os teus dedos vas chupar.
CACACHUP é o que mola máis,
pídellelo xa a teus pais.*

Todo empezara habería uns dous meses. Vanesa lembrábo ben. Era un sábado e aquela tarde viñeran de visita Mercedes e mais a súa nai. As dúas familias foran veciñas ata o verán pasado, cando a familia de Mercedes se cambiara para un impresionante chalé nas aforas da cidade.

Un día, de casualidade, a nai da nena vira no xornal un anuncio solicitando rapazas louras para un spot da televisión. Mercedes era loura e, medio en broma, a nai levouna a facer as probas. O caso foi que, entre unha chea de nenas, elixiron a Mercedes, que acabou protagonizando o anuncio do xampú HURÍ.

Logo, todo foi deixarse ir, que axiña empezou a facer un detrás doutro. Agora era unha das nenas máis populares do país, gañaba os cartos a moreas e ata o pai deixara o traballo que tiña no banco para converterse no representante da súa filla.

Vanessa pasáralo regular aquela tarde. Xa había tempo que as dúas nenas non se vían e ademais, sempre se lle atragoara aquela sabichona que tanto engaiolaba á súa nai. Quen tampouco o debeu pasar moi ben foi a nai de Vanesa porque, cando as visitas se foron, botouse a chorar coma unha Magdalena. E nin o home nin a filla foron capaces de consolala.

Unha semana máis tarde, a nai de Vanesa empezou unha peculiar cacería. Pasaba cada día unha chea de horas diante do televisor gravando no vídeo máis e máis spots publicitarios. Logo dun complexo proceso de selección conseguiu reunir en dous CD un repertorio exhaustivo daqueles anuncios nos que aparecían nenos ou nenas, ben de protagonistas, ben en papeis secundarios.

O luns seguinte empezou o que a nai chamaba “a auténtica fase principal da operación”. Todas as tardes, cando Vanesa chegaba da escola, a nai dáballe a merenda e sentábaa nunha cadeira diante do televisor. Poñía o vídeo e obrigaba a nena a visionar todos aqueles anuncios. E Vanesa asistía, os primeiros días con gusto, logo con algo de resignación e máis tarde con manifesto fastío, á sucesión de imaxes que se presentaba diante dela: nenas comendo iogures de todos os sabores, nenos xogando entusiasmados cos seus monopatíns, nenas lucindo vestidos de todas as formas e cores, nenos e nenas comendo con ganas aqueles pratos precociñados que ela non daba tragado cando súa nai os facía para a cea...

De vez en cando, súa nai paraba o CD e facíalle ver un anuncio tres ou catro veces, ata conxelaba a imaxe. “Fíxate como sorrí aquí. Dáste conta?”, dicíalle. “E cando fales, tes que facelo como a nena das salchichas ÑAM-ÑAM, que pon esa cara tan riquiña”.



Inevitablemente, non había día en que non saíra algún comentario sobre Mercedes: “E repara en como fai Mercedes cando anuncia as CACACHUP, que mesmo dan ganas de comer unha no momento. A ver, ponte aquí diante e faime algo parecido”. Vanesa erguíase e, co fondo sonoro do televisor, actuaba unha e outra vez para aquela espectadora implacable que era súa nai. E así un día tras doutro.

Aquel día era venres pola noite e os tres estaban ceando.

- Teño que vos dar unha sorpresa- declarou a nai con voz leda.

- Hmmm!- gruñiu o pai.

- Hoxe viña no xornal o que estaba a agardar dende había tanto tempo. Hai un anuncio pedindo nenos para un *spot* de televisión.

Agustín Fernández Paz: Contos por palabras.

Comentario da lectura

- 1.- Cal era a teima da nai de Vanesa?
- 2.- Cando comezara esa obsesión? Por que?
- 3.- Que relación había entre as dúas familias?
- 4.- Como repercutira na vida familiar o éxito de Mercedes na televisión?
- 5.- Cal cres que será a sorpresa que a nai quere darlle a Vanesa e ao seu pai?
- 6.- Relaciona cada personaxe con algún dos seguintes trazos:
Vanesa nai Mercedes
envexosa, egoísta, sabichona, resignada, obediente, obsesiva
- 7.- Onde se desenvolve a historia?
- 8.- Copia as referencias temporais e indica o tempo.
- 9.- Escribe en tres liñas a túa opinión sobre a actitude da nai de Vanesa.

